

# PLAN ESTRATÉXICO 2024-2026

## FACULTADE DE HUMANIDADES



### ***Control da elaboración e aprobación***

| <i>Fase</i>          | <i>Unidade/Órgano</i>   | <i>Data</i>       |
|----------------------|---|-------------------|
| <i>Elaborado por</i> | <i>Comisión de Calidade</i>   | <i>27/06/2024</i> |
| <i>Aprobado por</i>  | <i>Xunta de Facultade</i>   | <i>28/01/2025</i> |
| <i>Aprobado por</i>  | <i>Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno</i> | <i>28/02/2025</i> |

## Índice

|     |  |    |
|-----|--|----|
| 1.  | Introdución.....   | 3  |
| 2.  | Breve historia da Facultade de Humanidades.....                      | 5  |
| 2.1 | A orixe da Facultade de Humanidades.....                             | 5  |
| 2.2 | Catálogo actual de titulacións.....                                  | 5  |
| 2.3 | Grupos de investigación actuais.....                                 | 9  |
| 2.4 | Sistema de Garantía da Calidade.....                                 | 9  |
| 2.5 | Sistema de seguridade.....   | 9  |
| 3.  | Misión, visión e valores da Facultade de Humanidades.....            | 10 |
| 3.1 | Misión.....  | 10 |
| 3.2 | Visión.....  | 11 |
| 3.3 | Valores.....   | 11 |
| 4.  | Liñas estratéxicas da Facultade de Humanidades.....                  | 12 |
| 5.  | Diagnose estratéxica.....  | 14 |
| 5.1 | Análise DAFO da Facultade de Humanidades.....                        | 14 |
| 5.2 | Análise CAME da Facultade de Humanidades.....                        | 21 |
| 6.  | Obxectivos estratéxicos.....   | 25 |
| 7.  | Desenvolvemento do PEC.....  | 30 |
| 7.1 | Comisión ou grupo de traballo responsable da elaboración do PEC..... | 30 |
| 7.2 | Participación dos grupos de interese na elaboración do PEC.....      | 31 |
|     | Cadro de seguimento.....   | 32 |

## 1. Introducción.

De acordo co proceso PE-01 da Planificación Estratéxica do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Humanidades, este documento constitúe o Plan Estratéxico da Facultade de Humanidades da Universidade de Santiago de Compostela para o período 2024- 2026.

Este Plan Estratéxico, na súa segunda versión, é o documento marco da estratexia da Facultade de Humanidades ata o ano 2026, momento no cal a Universidade de Santiago de Compostela ten previsto proceder á presentación dun novo Plan Estratéxico.

A primeira versión do mesmo, denominada Plan Estratéxico Ponte, principiou a súa elaboración durante o curso 2016-2017, tal e como se pon de manifesto no contido das actas das reunións da Comisión de Calidade da Facultade de Humanidades celebradas o 30 de marzo e o 4 e 17 de abril de 2017. Mais este inicio quedou interrompido tras o anuncio da inminente extinción dos dous graos impartidos no centro, isto é, o *Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural* e o *Grao en Lingua e Literatura Españolas*. Esta decisión motivou que se paralizara este proceso á espera das directrices que se dictasen dende a Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia con vistas á substitución destes estudos por outros.

Este proceso de elaboración do citado Plan Estratéxico Ponte da Facultade de Humanidades retomouse na reunión da Comisión de Calidade da Facultade de Humanidades celebrada o 12 de novembro de 2020. Nela informouse sobre os seus contidos e o seu período de vixencia, de acordo coas directrices ditadas pola Vicerreitoría de Calidade e contidas nos documentos denominados "*Documento sobre orientación do contido do plan estratéxico ponte dos centros, a elaborar en base da resolución reitoral de 7 de outubro de 2020*" e "*Guía para a elaboración da planificación estratéxica ponte dos centros da USC*", remitidos por correo electrónico por dita Vicerreitoría o 30 de outubro de 2020. Posteriormente dita Vicerreitoría, por correo electrónico do 5 de novembro de 2020, comunicou aos centros da USC que o prazo máximo para a entrega dos seus respectivos plans estratéxicos sería o remate do presente ano 2020. Finalmente a súa aprobación tivo lugar nas reunións da Comisión de Calidade da Facultade de Humanidades e da xunta de centro celebradas respectivamente o 11 e 18 de decembro de 2020.

A necesidade de que cada centro da Universidade de Santiago de Compostela elaborase un novo plan estratéxico, foi comunicada pola Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización na reunión mantida polo Colexio de Decanos o 18 de outubro de 2023. Nesta xuntanza, de carácter ordinario, indicáronse unha serie de directrices polas que se rexería a elaboración de dito plan estratéxico:

- enviaríase unha guía na que se recopilarían numerosos exemplos para a súa

elaboración e que estaría baseada no manual marco.

- recomendouse que as liñas estratéxicas non superasen o número de cinco e que en cada unha delas se planeasen dous ou tres obxectivos a acadar.
- o documento de referencia sería a programación plurianual que, segundo a nova lexislación, contén os elementos equivalentes aos recollidos nun plan estratéxico da propia universidade.
- e, finalmente, o prazo para a súa elaboración fixouse entre os meses de xaneiro e febreiro de 2024.

Destá necesidade de elaborar un novo plan estratéxico para o período 2024-2026 e das súas características informouse na reunión ordinaria da xunta de Facultade de centro celebrada o 20 de decembro de 2023. Posteriormente na reunión da Comisión de Calidade da Facultade de Humanidades do 1 de febreiro de 2024 o señor decano anunciou o inicio deste proceso. En consecuencia este novo plan estratéxico 2024-2026 virá a substituír ao anterior Plan Estratéxico Ponte, terá unha vixencia, como xa se indica máis arriba, dende o ano 2024 ata o ano 2026, en conformidade co establecido no Plan Estratéxico da USC 2024-2026,<sup>1</sup> e constituirá o marco estratéxico de desenrolo da Facultade de Humanidades nos vindeiros anos. Neste momento a Facultade de Humanidades, de acordo co disposto polo Real Decreto 822/2021 do 38 de setembro acaba de acometer a reforma das memorias das súas titulacións de grao e mestrado, estando implantado neste momento o Grao en Xestión Cultural (2ª edición)<sup>2</sup> e o Máster Universitario en Servizos Culturais (4ª edición).<sup>3</sup> Igualmente neste momento tamén se imparte neste centro o Programa de Doutoramento en “Estudos Culturais: Memoria, Identidade, Territorio e Linguaxe” que neste momento se atopa pendente de aprobación da súa memoria por parte da ACSUG. No tocante ao proceso de elaboración e á participación dos grupos de interese, cómpre salientar o seguinte:

- o 1 de febreiro de 2024 o señor decano informou na reunión da Comisión de Calidade do inicio do proceso, de acordo coas directrices ditadas pola Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, e do envío dunha enquisa aos diferentes grupos de interese co obxecto de recabar a información necesaria para a confección do DAFO e CAME do centro o 9 de febreiro de 2024.
- aprobación do PEC da Facultade de Humanidades na Comisión de Calidade celebrada o 27 de xuño de 2024, así como na Xunta de centro desa mesma data.
- os grupos de interese que participaron na elaboración do PEC foron o PDI, PAS e alumnado de Grao e Mestrado da Facultade de Humanidades, así como o Comité Asesor Externo da Facultade de Humanidades.

<sup>1</sup> [https://assets.usc.gal/sites/default/files/paragraphs/links/2024-07/24\\_06\\_25\\_usc\\_plan-estrategico\\_2024-2026\\_final\\_0.pdf](https://assets.usc.gal/sites/default/files/paragraphs/links/2024-07/24_06_25_usc_plan-estrategico_2024-2026_final_0.pdf) [Data de consulta: 19/11/2024]

<sup>2</sup> <https://www.usc.gal/es/estudios/grados/artes-humanidades/grado-gestion-cultural-2a-edicion-presencial> [Data de consulta: 19/11/2024]

<sup>3</sup> <https://www.usc.gal/es/estudios/masteres/artes-humanidades/master-universitario-servicios-culturales-4a-edicion> [Data de consulta: 19/11/2024]

O Plan Estratéxico da Facultade de Humanidades consta dos seguintes apartados:

- *“Introdución”* na que se fai unha breve presentación sobre a orixe e obxecto do mesmo.
- *“Breve historia do centro”* na que se fai unha reseña sobre a orixe da Facultade de Humanidades e se revisa a oferta formativa de grao, mestrado e doutoramento e os cambios producidos nos mesmos.
- *“Misión, visión e valores da Facultade de Humanidades”* na que se expón o papel desempeñado, o xeito de levalo a cabo e os principios e ideais que rexen o proceder da Facultade de Humanidades.
- *“Liñas estratéxicas da Facultade de Humanidades”* na que, e como consecuencia do apartado anterior, preséntase o plan estratéxico da Facultade de Humanidades de acordo coa Programación Plurianual da USC 2024-2026.
- *“Diagnose estratéxica da Facultade de Humanidades”* na que se recollen as fortalezas e debilidades nos diferentes grupos de interese (PDI, PAS, alumnado e comité externo), así como as oportunidades e ameazas.
- *“Obxectivos estratéxicos da Facultade de Humanidades”* na que se establecen as liñas e obxectivos estratéxicos a acadar no período 2024-2026.
- *“Desenvolvemento do Plan Estratéxico da Facultade de Humanidades, 2024-2026”* onde se informa da comisión encargada da súa elaboración e revisión, así como dos grupos de interese participantes.

## 2. Breve historia da Facultade de Humanidades.

### 2.1 A orixe da Facultade de Humanidades.

A Facultade de Humanidades da Universidade de Santiago de Compostela atópase no Campus de Lugo onde é o único centro que imparte docencia na Área de Ciencias Humanas e Artes. A orixe deste centro atópase no vello colexio universitario onde no curso 1972-1973 implementouse a titulación de Licenciatura Hispánica e á que tempo máis tarde, concretamente no curso 1994-1995, se engadiu a Licenciatura en Humanidades. Sen embargo os estudos de corte humanística gozan dunha tradición secular na cidade de Lugo e que pode retrotraerse a finais do século XVI coincidindo coa fundación do seminario diocesano de San Lourenzo.

### 2.2 Catálogo actual de titulacións.

#### 2.2.1 Graos.

Na actualidade na Facultade de Humanidades impártense dous graos:

- o Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural foi implantado durante o curso 2010/2011, substituíndo á Licenciatura en Humanidades que iniciou a súa

extinción nese mesmo ano académico. Durante o curso 2015/2016 este Grao foi sometido a un proceso de avaliación para a renovación da súa acreditación por parte da ACSUG, recibindo informe favorable que lle foi notificado por resolución do Consejo de Universidades o 14 de xuño de 2016. Pese aos bos resultados obtidos neste proceso, este Grao nunca acadou os números de matrícula de alumnos de primeiro curso que aparecían establecidos na súa Memoria. Este argumento foi o esgrimido para que durante o ano 2017 se decidise que debía extinguirse e ser substituído polo Grao en Xestión Cultural. A extinción do Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural iniciouse durante o curso 2021/2022 coincidindo co implantación do primeiro curso do Grao en Xestión Cultural e culminará durante o curso 2024/2025 cando se implante o cuarto curso do Grao en Xestión Cultural.

- o Grao en Xestión Cultural implantouse, tal e como xa indicamos, durante o curso 2021/2022. Este título recibiu informe favorable da Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia o 10 de novembro de 2020. Posteriormente o 30 de marzo de 2021 recibiu un informe provisional da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) ao que se dou resposta por parte da Comisión Redactora de dito Grao, sendo ratificada na reunión extraordinaria da Comisión Permanente da Facultade de Humanidades celebrada o 23 de abril de 2021.<sup>4</sup> Finalmente o 10 de maio de 2021 recibíuse informe final favorable por parte da mesma ACSUG. Posteriormente autorizouse a súa implantación por Orde do 8 de xullo de 2021 da Consellería de Universidade, Cultura e Educación.<sup>5</sup> E, finalmente, mediante a Resolución do 27 de decembro de 2021 publicouse o seu plan de estudos.<sup>6</sup> Durante o curso 2022/2023 e en aplicación do RD 822/2021 do 28 de setembro, a Comisión Académica e de Título do Grao en Xestión Cultural procedeu á reforma da Memoria do Título de dito Grao, informándose na reunión celebrada o 15 de novembro de 2022 do calendario fixado e de que dita reforma afectaba ao seu ámbito de adscrición e modalidades de impartición. Así nas sesións do 16 de febreiro, 7 e 28 de marzo e 30 de maio de 2023 levouse a cabo proceso de revisión e confección da Memoria que foi aprobada na Xunta de centro de carácter extraordinario do 13 de abril de 2023. En relación a dita Memoria o 1 de setembro de 2023 a Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia emitiu informe favorable de envío a verificación da modificación do Grao en Xestión Cultural para o curso 2024-2025. Posteriormente o 2 de maio de 2024 a ACSUG emitiu un “Informe provisional de evaluación de la solicitud de modificación sustancial de plan de estudios del título Graduado o Graduada en Gestión Cultural” e no que se sinalaban algúns aspectos que debían ser subsanados ou aportar información complementaria. Estes aspectos e

<sup>4</sup> A delegación desta competencia na Comisión Permanente tivo lugar na sesión extraordinaria da reunión da Xunta de centro celebrada o 9 de abril de 2021 e onde se adoptou este acordo por unanimidade.

<sup>5</sup> Publicada no DOGA número 135, do venres, 16 de xullo de 2021 [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210716/AnuncioG0598-090721-0004\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210716/AnuncioG0598-090721-0004_gl.html) [Data de consulta: 08/02/2024]

<sup>6</sup> BOE número 14, do 17 de xaneiro de 2022 <https://www.boe.es/boe/dias/2022/01/17/> [Data de consulta: 08/02/2024]

información foron aprobados na reunión da Comisión Académica de Título celebrada o 23 de maio de 2024 e ratificada pola reunión da Xunta de centro, de carácter extraordinario, que tivo lugar na mesma data. Finalmente o 3 de xuño de 2024 a ACSUG emitiu un “Informe final de evaluación de la solicitud de modificación sustancial de plan de estudos” en termos de favorable ao considerar que se satisfixeran todos os aspectos e demanda de información recollidos no informe provisional.

Durante o curso 2022-2023, produciuse a extinción definitiva da docencia no “Grao en Lingua e Literatura Española” e cuxo inicio tivo lugar durante o curso 2019-2020 coa supresión do primeiro curso. Esta titulación, adscrita á Facultade de Filoloxía do Campus de Santiago, acusou un progresivo descenso en canto ao alumnado matriculado, motivo este que foi determinante para que se decidira a súa progresiva extinción. Durante o curso 2024-2025 manterase unicamente a materia de elaboración do TFG.

### 2.2.2. Mestrados.

Na Facultade de Humanidades impártese o *Mestrado en Servizos Culturais* cuxa 3ª edición comezou no curso 2015/2016. Este título ten recibido valoración positiva no seu proceso de renovación da acreditación. Este proceso iniciouse coa aprobación do Autoinforme para a Renovación da Acreditación 2017/2018 na Comisión de Calidade celebrada o 11 de febreiro de 2019, sendo ratificado na mesma data pola Xunta de Facultade. Posteriormente na reunión da Comisión Académica do Mestrado en Servizos Culturais celebrada o 28 de maio de 2019 a coordinadora de dito Mestrado adiantou que o resultado da avaliación ía ser positivo, facendo un resume do preinforme oral no que se destacaron tanto os aspectos máis valorados como as recomendacións formuladas polos avaliadores. A comezos de xullo recibíuse o informe provisional da ACSUG sobre a renovación da acreditación. Dos sete aspectos tidos en consideración en dito informe, catro obtiveron unha valoración positiva, dous unha valoración parcialmente positiva e un unha valoración negativa. Por esta razón, a coordinadora elaborou un plan de melloras que foi aprobado na Comisión Académica do Mestrado en Servizos Culturais celebrada o 22 de xullo de 2019, sendo logo ratificado pola Xunta de Facultade do 23 do mesmo mes como paso previo ao seu envío ao SXOPRA e á ACSUG. Este plan de melloras atopábase bastante avanzado na súa execución, tal e como expuxo a propia coordinadora na reunión da Comisión do Mestrado celebrada o 2 de decembro de 2020, presentándose na reunión do 16 de abril de 2021 un informe detallado sobre o grao de execución das mesmas. Durante o curso 2021-2022 acometeuse un proceso de modificación non substancial do Máster, motivado pola xubilación dunha docente e o traslado doutra ao Campus de Santiago de Compostela. Este proceso iniciouse na reunión do 15 de outubro de 2021 e culminaría na celebrada o 15 de novembro de 2021 cando se acordou o seguinte:

- a materia “Espectáculos e xestión” sería impartida total ou parcialmente por docentes da Facultade de Administración e Dirección de Empresas que asumirían igualmente o compromiso de reorientar o programa da materia cun enfoque máis acaído á súa denominación.
- a materia “O texto galego: da escritura á difusión” sería reempresada por outra

relacionada co mundo editorial.

Durante o curso 2022-2023, a Comisión Académica e de Título do Máster procedeu á reforma da Memoria do mesmo en aplicación do RD 822/2021 do 28 de setembro. Este proceso iniciouse na reunión mantida por dita Comisión o 15 de novembro de 2022 mediante a revisión das cuestións a modificar e que afectaban á modalidade de impartición, ao ámbito de adscrición e á modificación do plan de estudos. Posteriormente o 14 de febreiro de 2023 informouse que a data límite para a remisión ao SXOPRA de dita Memoria sería o 14 de abril de 2023. Na reunión do 1 de marzo de 2023 presentouse un borrador da Memoria sobre a que se seguiu traballando na reunión do 15 de marzo de 2023. Finalmente na reunión mantida o 11 de abril de 2023 aprobouse a Memoria do Máster en Servizos Culturais, así como a Memoria Xustificativa e a Memoria Económica, ratificadas posteriormente na reunión da Xunta de centro da Facultade de Humanidades do 13 de abril de 2023. O 1 de setembro de 2023 a Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia emitiu informe favorable de envío a verificación. Posteriormente a ACSUG emitiu con data do 30 de abril de 2024 un “Informe provisional de evaluación de la solicitud de verificación de título oficial” e no que se contiñan tanto unha serie de aspectos que debían ser modificados como tamén recomendacións. A estes aspectos e recomendación déuselle resposta mediante un documento aprobado na Comisión Académica de Título celebrada o 23 de maio de 2024, sendo ademais ratificado na reunión da Xunta de centro, de carácter extraordinario, celebrada na mesma data. Finalmente o 3 de xuño de 2024 a ACSUG emitiu o “Informe final de evaluación de la solicitud de verificación de título oficial” en termos de favorable o que supón que a partir do curso 2024-2025 implantarase a 4ª edición do Máster en Servizos Culturais.

Por outra parte durante este curso o Máster en Servizos Culturais foi sometido a un Informe de Seguimento Externo. Este informe foi solicitado polo Adxunto para Calidade mediante correo electrónico remitido o 22 de xuño de 2023, fixándose a data límite para a súa remisión no 28 de xuño de 2023, tal e como se explicou na reunión da Comisión Académica e de Título do Máster mantida o 26 de xuño de 2023. Dito informe foi remitido o 28 de xuño de 2023 á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, estando neste momento pendente de recibir o preceptivo informe.

### 2.2.3 Doutoramento.

Na Facultade de Humanidades comezou a impartirse dende o curso 2014-2015 o Programa de Doutoramento en “Estudos Culturais: Memoria, Identidade, Territorio e Linguaxe” cuxa primeira acreditación data do 23 de xullo de 2014. Trátase dun programa de carácter interuniversitario no que, ademais da Universidade de Santiago de Compostela, participa a Université Haute Bretagne Rennes II (Francia). Posteriormente este título renovou a súa acreditación con data do 9 de xuño de 2021. Finalmente, e con vistas á súa implantación durante o curso 2024-2025, durante o ano académico 2023-2024 estase procedendo á modificación da súa Memoria polas seguintes razóns:

- axustala á evolución do propio programa ao longo dos últimos 8 anos.
- adaptala á nova normativa da universidade no tocante ao seu Regulamento de estudos de doutoramento e Sistema de Garantía Interno de Calidade (SGIC).
- e, finalmente, atender ás recomendación da ACSUG no seu informe de renovación



da acreditación.

### **2.3 Grupos de investigación actuais.**<sup>7</sup>

2.3.1 Análise territorial GI-1871

2.3.2 Antropoloxía Socio-cultural GI-1428

2.3.3 Contidos dixitais literarios e lingüísticos contrastivos (alemán, castelán, galego e inglés) GI-1954

2.3.4 Discurso e identidade. GI multidisciplinar para o estudo da lingua, da literatura e da cultura en inglés GI-1924

2.3.5 Estudos Interdisciplinares de Comunicación GI-1368

2.3.6 Estudos Clásicos e Medievais GI-1908

2.3.7 Estudos Territoriais GI-1917

2.3.8 Filoloxía e Lingüística Galega GI-1743

2.3.9 Grupo de Estudos para a Prehistoria do NW Ibérico. Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio GI-1543

2.3.10 Grupo de Investigación ATALAIA GI-2165

2.3.11 Grupo de investigación en fraseoloxía e paremioloxía GI-2061

2.3.12 Grupo de Investigación Valle-Inclán da Universidade de Santiago GI-1374

2.3.13 Grupo Emilia Pardo Bazán GI-1375

2.3.14 Grupo Mazarelos de Pensamento Moderno e Contemporáneo GI-2121

2.3.15 Historia agraria e política do mundo rural. Séculos XIX e XX GI-1657

2.3.16 Historia de América GI-1661

2.3.17 Novos Medios (Tendencias, Cibermedios, Impresos) GI-1641

2.3.18 Proxectos e estudos sobre patrimonio cultural GI-1907

2.3.19 SCRIPTA. Escritura, pensamento e sociedade GI-2168

2.3.20 Teoría da Literatura e Literatura comparada GI-1371

### **2.4 Sistema de Garantía da Calidade.**

O Sistema de Garantía da Calidade (SGC) da Facultade de Humanidades, implantado no ano 2011, posibilita o desenrolo das melloras continuas no propio centro. Este SGC revísase periodicamente co obxecto de melloralo e actualizalo, participando neste proceso os diferentes grupos de interese que poden realizar as súas achegas e suxestións. En relación a isto, a implantación do Grao en Xestión Cultural así como as modificacións das memorias de dito Grao e do Máster Universitario en Servizos Culturais presupón que se teña que modificar o SGC con vistas a adaptalo á nova realidade destes títulos.

### **2.5 Sistema de seguridade.**

A Facultade de Humanidades conta cuns espazos axeitados en canto á dotación de medios materiais para a labor docente. Todas as aulas do centro están electrificadas e

---

<sup>7</sup> Relación completa en <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-humanidades> [Data de consulta: 21/02/2024]

contan con wifi o que permite que o alumnado poida empregar o seu propio ordenador portátil ou tablet nas aulas. Ademais todas as aulas contan con ordenador e pantalla e no caso concreto da aula 14 está dotada de dúas pantallas coa finalidade de garantir a docencia ao alumnado que cursa os seus estudos en modalidades semipresencial. Ademais disto a Facultade de Humanidades tamén dispón do seu propio Plan de Autoprotección. Neste citado Plan, de recente actualización, aparecen claramente definidos a composición dos equipos de emerxencia, as instrucións en canto á actuación dunha situación de emerxencia e ficha do xefe de emerxencia. No relativo á accesibilidade universal, todos os espazos da Facultade son accesibles pois conta con sendas ramplas nas dúas entradas, outra para o aulario inferior e ascensor que permite acceder ao aulario superior. En consecuencia conta cunhas infraestruturas que permiten garantir a igualdade de oportunidades.

### 3. Misión, visión e valores da Facultade de Humanidades.

#### 3.1 Misión.

A Facultade de Humanidades é unha institución pública, adscrita á Universidade de Santiago de Compostela, de ensino superior que ten como misión contribuir á formación integral, rigorosa e cunha clara e decidida orientación profesionalizante do seu alumnado, así como á investigación e á transferencia no ámbito da xestión cultural. Esta orientación é a que lle confire a este centro un carácter singular dentro dos centros de ensino universitario vinculados á Área de Artes e Humanidades non só dentro do Sistema Universitario Galego (SUG), senón tamén en todo o cadrante norte do estado español. Esta singularidade da que falamos, evidénciase en dous aspectos moi destacados:

- o feito de posuír unha oferta formativa, especialmente no que ao grao se refire, que non aparece replicada por ningún outro centro universitario.
- a súa clara conexión co tecido profesional do ámbito profesional da cultura dende unha perspectiva local, autonómica, nacional e internacional froito da configuración dos seus plans de estudos.
- que ten como misión contribuir á formación integral e rigorosa dos seus alumnos. O seu persoal docente e investigador conforma grupos que levan a cabo actividades de investigación, promovendo ademais a súa difusión, e que manteñen relacións coas administracións públicas, empresas, institucións e centros de investigación. Estas labores docentes e investigadoras contan co apoio do persoal de administración e servizos e teñen como destinatarios fundamentais ao alumnado. De acordo co anterior, tres son os aspectos que caracterizan á Facultade de Humanidades:
  - A súa oferta formativa con capacidade para formar profesionais dotados de espírito crítico, rexidos polos principios de respecto e tolerancia e con vontade de servizo á sociedade.
  - A capacidade de xerar e transmitir coñecemento.
  - A colaboración entre o seu persoal docente e investigador e o seu persoal de

administración e servizos en prol do progreso dos seus programas académicos e actividades científicas.

Por estas razóns a Facultade de Humanidades constitúese como un centro comprometido co desenvolvemento da sociedade do século XXI, así como cunha educación baseada nos principios democráticos.

### 3.2 Visión.

Dentro do período que abarca este Plan Estratéxico dende o ano 2024 ao 2026, a Facultade de Humanidades pretende afianzar o seu recoñecemento, carácter singular e prestixio nos seguintes eixos:

- no potencial e variado alumnado procedente de BAC, ciclos de FP, de escolas de ensinanzas artísticas e profesionais da cultura en activo por posuír unha oferta académica claramente diferenciada do resto de centros universitarios do SUG no tocante á súa orientación profesionalizante e con vocación innovadora polas súas modalidades de impartición. Este obxectivo vese reforzado grazas ao firme compromiso do seu profesorado na difusión dos seus títulos para dalos a coñecer, na súa impartición, na innovación e espírito de mellora dos seus programas formativos, así como na participación nos órganos de xestión do centro. En definitiva trátase de formar a un alumnado dotado de espírito crítico, capaz de desenrolar a súa actividade profesional nas múltiples e variadas facetas da xestión cultural e dentro dun contexto tanto nacional como internacional.
- entre a comunidade científica, e moi especialmente, entre aqueles outros centros de ensino, universitarios ou non, que comparten sinerxias comúns en canto á orientación investigadora centrada nos múltiples campos de investigación da xestión cultural tales como os estudos culturais, as políticas culturais, as industrias culturais e creativas, o patrimonio etc. e apoiándose para isto nas variadas e crecentes liñas de traballo presentes no Programa de Doutoramento en “Estudos Culturais: memoria, identidade, territorio e linguaxe.”<sup>8</sup>
- no sector profesional e na mesma sociedade ao ser un centro cuxos/as egresados/as constitúen o grupo de profesionais claramente capacitados/as para asumir o rol de traballadores/as dentro das empresas e institucións, tanto públicas como privadas, nos diferentes escalafóns organizativos (directivos, persoal intermedio, autónomos etc.).

### 3.3 Valores.

Os valores que inspiran á Facultade de Humanidades no seu labor docente, investigador, de difusión e de xestión son os seguintes:

- a asunción dos principios de igualdade, liberdade, xustiza e pluralismo que

---

<sup>8</sup> <https://www.usc.gal/es/estudios/doctorados/artes-humanidades/programa-doctorado-estudios-culturales-memoria-identidad-territorio-linguaje> [Data de consulta: 20/11/2024]

- constitúen os alicerces básicos de toda sociedade democrática.
- o compromiso coa mellora dos seus programas formativos e dos seus órganos de xestión coa finalidade de garantir unha docencia de calidade e a representatividade de todos os colectivos.
  - ser un centro referente no conxunto da USC e do SUG na impartición dos seus títulos en varias modalidades.
  - un perfil singular en canto ao deseño dunha oferta formativa que, ademais de coherente, atópase claramente alienada cos ODS, en especial por ser a cultura un contido de carácter transversal a moitos destes ODS.
  - un PDI e PAS comprometido no proceso de aprendizaxe e de xestión.
  - un centro dinámico tanto pola cantidade como pola calidade de actividades que se organizan por parte do PDI como alumnado non só no propio centro senón tamén en diversas institucións.
  - a forte tendencia a internacionalizar a oferta formativa.

#### 4. Liñas estratéxicas da Facultade de Humanidades.

As liñas estratéxicas propostas no PEC 2024-2026 da Facultade de Humanidades están alineadas coas liñas estratéxicas do PE da USC.<sup>9</sup> Estas liñas estratéxicas do PEC son as que aparecen recollidas na seguinte táboa:

**Táboa 1:** Liñas estratéxicas do PEC da Facultade de Humanidades 2024-2026

| Código | Liñas estratéxicas   |
|--------|--|
| LEC1   | Levar adiante actividades de orientación para o alumnado, así como fomentar iniciativas no centro para coñecer a realidade do acceso ao emprego dos seus egresados e das características dos empregos demandados polos sectores produtivos relacionados coas súas titulacións. |
| LEC2   | Intensificar a actividade do centro na xeración de novas canles de comunicación co estudantado.  |
| LEC3   | Mellorar a información relativa á xestión de prácticas en empresas e recoñecer ás entidades, empresas, persoas e institucións a súa colaboración co centro no desenvolvemento das prácticas do estudantado   |
| LEC4   | Impulsar accións de captación de alumnado mediante a participación do profesorado nas charlas temáticas do Programa A Ponte ou outras actividades promovidas dende o centro.   |
| LEC5   | Confeccionar un mapa relacional das universidades nacionais coas que se manteñen relacións académicas que permita coñecer o potencial e as posibilidades do centro na creación de futuras titulacións compartidas.   |
| LEC6   | Promover a dotación de prazas de PDI de carácter estrutural e de PAS con motivo de xubilacións e baixas.   |
| LEC7   | Fomentar actividades de investigación claramente alineadas coa orientación das titulacións do centro e do Campus Terra, así como a instalación de centros/institutos de investigación na mesma Facultade.  |

<sup>9</sup>

[https://assets.usc.gal/sites/default/files/paragraphs/links/2024-07/24\\_06\\_25\\_usc\\_plan-estrategico\\_2024-2026\\_final\\_0.pdf](https://assets.usc.gal/sites/default/files/paragraphs/links/2024-07/24_06_25_usc_plan-estrategico_2024-2026_final_0.pdf), pp. 7-11 [Data de consulta: 20/11/2024]

|       |  |
|-------|--|
| LEC8  | Mellorar o programa de atención titorial para o alumnado internacional de grao e máster.   |
| LEC9  | Potenciar a presenza internacional do centro en redes sociais e organizacións en coordinación coa política xeral de comunicación da USC.   |
| LEC10 | Analizar e propoñer accións respecto ás necesidades de ordenación e xestión de infraestruturas a aportar á Xerencia para a súa avaliación e consideración no Plan de Ordenación e Xestión das Infraestruturas. |

Co obxecto de amosar a correspondencia entre estas liñas estratéxicas do PEC coas do PE da USC, axuntamos a continuación a seguinte táboa:

**Táboa 2:** Correspondencia entre as liñas estratéxicas do PE da USC e o PEC da Facultade de Humanidades.

| LIÑAS EXTRATÉXICAS-USC   | LIÑAS ESTRATÉXICAS-F. DE HUMANIDADES |
|--|--------------------------------------|
| LE1-Estudantado e a comunidade universitaria   | LEC1, LEC2, LEC3, LEC4 e LEC8        |
| LE2-Formación e a docencia no novo contexto  | LEC5                                 |
| LE3-Retos na política de persoal   | LEC6                                 |
| LE4-Investigación e a innovación como motor do desenvolvemento sostible e o benestar | LEC7                                 |
| LE5-Senda da internacionalización  | LEC9                                 |
| LE6-Procura de infraestruturas ecoeficientes   | LEC10                                |
| LE7-A USC na era da transformación dixital   | LEC2, LEC9                           |
| LE8-A xestión eficiente dos recursos   | LEC10                                |

Á súa vez estas liñas estratéxicas aparecen tamén claramente encadradas dentro dos aspectos recollidos na *“Guía para a elaboración do Plan Estratéxico de Centro 2024-2026”*, elaborado pola Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, e que son os seguintes:

- Aspectos relacionados coa dirección e coa administración do centro.
- Aspectos relacionados co catálogo de titulacións do centro.
- Aspectos relacionados coa investigación que se desenvolve no centro.
- Aspectos relacionados cos recursos humanos.
- Aspectos relacionados coas instalacións e o servizos xerais.
- Aspectos relacionados coa información pública e a visibilidade.

Ademais disto tamén se toman como referencia outros documentos de réxime interno como son os seguintes:

- Memoria de Calidade 2021-2022.
- Autoinforme para renovación da acreditación do Mestrado en Servizos Culturais (3ª edición), curso 2017-2018.
- Autoinformes de Seguimento do Mestrado en Servizos Culturais (3ª edición), curso 2021-2022 e 2022-2023.
- Memoria do Máster en Servizos Culturais
- Memoria do Grao en Xestión Cultural.

- Actas da Comisión Académica do Mestrado en Servizos Culturais.
- Actas da Comisión Académica e de Título do Grao en Xestión Cultural.
- Actas da Comisión de Calidade.
- Plan Estratégico Ponte da Facultade de Humanidades 2021-2022.

As razóns para o recurso a ditos documentos obedecen a que son o punto de referencia fundamental para a elaboración do PEC 2024-2026, pois neles atópanse recollidos moitos dos aspectos que serven para desenrolar este apartado e os seguintes.

## 5. Diagnose estratéxica

### 5.1 Análise DAFO da Facultade de Humanidades

A análise DAFO da Facultade de Humanidades contempla a entrevista de 3 grupos de interese: o persoal docente e investigador, o persoal de administración e servizos, o alumnado e os membros do Comité Asesor Externo da Facultade de Humanidades. Para a realización desta análise achegouse un cuestionario a cada grupo de interese por correo electrónico, a través da aula de coordinación dos títulos e mediante unha reunión presencial e telemática. Os resultados deste cuestionario son os que aparecen recollidos na seguinte táboa:

**Táboa 3:** Resultados da análise DAFO da Facultade de Humanidades.

| LEC1   | Aspectos positivos  | Aspectos negativos   |
|--|---|--|
| <b>Condicións internas<br/>orientación ao presente</b> | <p><b>Fortalezas:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Títulos atractivos e con gran potencial tanto a nivel de Grao, Máster e Doutoramento.</li> <li>-Grao deseñado en base ás necesidades formativas do sector profesional.</li> <li>-Alumnado motivado e implicado co título.</li> <li>-As variadas saídas profesionais motivadas polo auxe da empresa cultural na sociedade</li> <li>-Boa ratio profesorado/alumnado, Ensino personalizado e inexistencia de masificación nas aulas</li> <li>-Un equipo humano, tanto PDI como de PAS, motivado cara a mellora.</li> <li>-A oferta de titulacións en varias modalidades de impartición.</li> </ul> | <p><b>Debilidades:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Escaso número de alumnado matriculado no Grao.</li> <li>-Pouca claridade nas saídas laborais que ofrece o Grao en Xestión Cultural.</li> <li>-Baixa implicación do profesorado nas labores de xestión do centro e, en consecuencia, coas súas titulacións.</li> <li>-Constantes cambios nos plans de estudos o que non permite a súa consolidación.</li> <li>-Pouco apoio institucional ao Campus de Lugo o que inflúe negativamente na Facultade de Humanidades.</li> <li>-Pouca atracción do campus ao ter un menor número de alumnado e ao enclavarse nunha cidade cunha poboación envellecida.</li> </ul> |
| <b>Condicións</b>                                      | <b>Oportunidades:</b>   | <b>Ameazas:</b>  |

|   |   |  |
|---|---|--|
| <p><b>externas<br/>orientación ao<br/>futuro</b></p>                  | <ul style="list-style-type: none"> <li>-Crecente demanda de graduados/as en xestión cultural e no ámbito do turismo cultural e no sector cultural.</li> <li>-Importancia en aumento do sector cultural no PIB de Galicia e España.</li> <li>-Previsible esixencia dunha formación regulada para o exercicio profesional no campo da xestión cultural.</li> <li>-Un PDI e PAD motivado cara a mellora.</li> <li>-Boas relacións coas diferentes empresas, organizacións e concello.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>-A non consolidación do Grao en Xestión Cultural pola falta de tempo dado pola Administración para dalo a coñecer entre o alumnado.</li> <li>-Ficar na irrelevancia na programación estratéxica da USC, tanto a nivel global como dentro do propio Campus de Lugo.</li> <li>-Absorción ou subordinación á Facultade de Formación do Profesorado no momento de producirse o traslado ao campus desta.</li> <li>-Creación doutras titulacións no SUG que poidan ser uns claros competidores na captación do nicho do noso alumnado.</li> <li>-Non acadar o número de alumnado esixido pola lexislación o que pode ocasionar a eliminación do Grao en Xestión Cultural.</li> </ul> |
| <p>LEC2</p>   | <p><b>Aspectos positivos</b></p>  | <p><b>Aspectos negativos</b></p>   |
| <p><b>Condicións<br/>internas<br/>orientación ao<br/>presente</b></p> | <p><b>Fortalezas:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-A aposta pola docencia híbrida e virtual e a experiencia formativa na mesma.</li> <li>-Boas infraestruturas, dotacións, apoio do PAS que reforzan a calidade do ensino e da aprendizaxe e atención personalizada ao alumnado.</li> <li>-Canles axeitadas de comunicación interna e externa.</li> <li>-Alto nivel de informatización dos servizos e nos procesos.</li> <li>-Moi boa relación co alumnado.</li> <li>-Número limitado de alumnado o que facilita as relacións interpersoais.</li> <li>-A xestión personalizada en canto ao trato cercano co persoal docente, técnico etc.</li> </ul> | <p><b>Debilidades:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Baixa implicación do profesorado nas labores de xestión do centro.</li> <li>-Escasa participación da Facultade nas redes sociais.</li> <li>-Necesidade de artellar un sistema que permita diferenciar as noticias relativas a actividades extracurriculares das que se refiren a cuestións de índole universitaria.</li> </ul>  |
| <p><b>Condicións<br/>externas<br/>orientación ao<br/>futuro</b></p>   | <p><b>Oportunidades:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Tendencia a novos modelos de docencia universitaria non presencial.</li> <li>-A implicación do alumnado das titulacións do centro nas</li> </ul>   | <p><b>Ameazas:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Que a chegada da Facultade de Formación do Profesorado ao Complexo Docente poida supoñer unha perda de capacidades de infraestruturas e medios e incluso</li> </ul>   |

|  |  |   |
|--|--|---|
|  | <p>actividades levadas a cabo tanto dentro como fóra do centro como unha primeira toma de contacto co mundo profesional.</p> <p>-Aproveitamento das ferramentas dixitais e redes sociais para promover actividades</p>   | <p>unha certa desvalorización da propia Facultade de Humanidades.</p>   |
| LEC3   | <b>Aspectos positivos</b>  | <b>Aspectos negativos</b>   |
| <b>Condicións internas orientación ao presente</b> | <p><b>Fortalezas:</b></p> <p>-Deseño dun Grao en Base ás necesidades formativas do sector profesional.</p> <p>-Boa integración da Facultade e boas relacións coas diferentes empresas, organizacións e concello.</p> <p>-O potencial que ofrece Lugo para as saídas de carácter práctico, en especial no ámbito histórico, arqueolóxico e documental.</p>  | <p><b>Debilidades:</b></p> <p>-Pouca claridade nas posibles saídas laborais que ofrece o Grao en Xestión Cultural.</p> <p>-Falta de sinerxía coas outras titulacións do Campus de Lugo e difícil encaixe no proxecto do Campus Terra.</p> <p>-Documentos pouco claros nos procesos administrativos, basicamente no caso do TFM e na información sobre as empresas para prácticas.</p> |
| <b>Condicións externas orientación ao futuro</b>   | <p><b>Oportunidades:</b></p> <p>-Aumento da demanda de graduados/as en xestión cultural no ámbito do turismo cultural e na administración local.</p> <p>-Crecente demanda de profesionalización e especialización no sector cultural.</p> <p>-Previsible esixencia dunha formación regulada para o exercicio profesional no campo da xestión cultural.</p> <p>-Conseguir que as administracións seleccionen ao alumnado formado nos nosos títulos para desempeñar funcións relacionadas coa xestión cultural.</p> <p>-Converterse no centro de referencia na formación dos profesionais da cultura en Galicia.</p> <p>-Aumentar o número de convenios con entidades de carácter cultural co obxecto de ofrecer ao alumnado experiencias prácticas.</p> | <p><b>Ameazas:</b></p> <p>-A idea estendida de que os estudos do ámbito das Humanidades reportan poucas saídas laborais.</p> <p>-O impacto dos cambios que en materia económica, educativa e cultural poden ter aspectos como a pandemia ou as crises económicas.</p> <p>-As problemáticas derivadas das prácticas en determinadas empresas.</p>                                      |
| LEC4   | <b>Aspectos positivos</b>  | <b>Aspectos negativos</b>   |
| <b>Condicións internas orientación ao futuro</b>   | <p><b>Fortalezas:</b></p> <p>-Títulos atractivos e cun enorme potencial tanto a nivel de Grao,</p>   | <p><b>Debilidades:</b></p> <p>-Pouca claridade nas posibles saídas laborais que ofrece o Grao</p>   |



|   |   |  |
|---|---|--|
| <p><b>presente</b></p>                                  | <p>Máster e Doutoramento.<br/>-Alumnado motivado e implicado co título.<br/>-Carácter singular das titulacións impartidas no centro e en todo o Noroeste peninsular.<br/>Un equipo humano, tanto de PDI como de PAS, motivado cara a mellora.<br/>-Titulacións singulares no entorno xeográfico.<br/>-Canles axeitadas de comunicación interna e externa.</p>   | <p>en Xestión Cultural.<br/>-Baixa implicación do profesorado nas labores de xestión do centro.<br/>-Baixa matrícula no Grao.<br/>-Escaso apoio institucional ao campus de Lugo o que inflúe negativamente na Facultade.<br/>-Pouca atracción do campus de Lugo ao ter un menor número de alumnado e enclavarse nunha cidade cunha poboación máis envellecida.</p>   |
| <p><b>Condicións externas orientación ao futuro</b></p> | <p><b>Oportunidades:</b><br/>-Proseguir e incrementar o labor de dar a coñecer a nosa oferta de títulos mediante visitas a centros, redes sociais, medios de comunicación etc, así como mellorar a visión da sociedade en relación ás nosas titulacións e as súas saídas profesionais.<br/>-Aproveitamento das ferramentas dixitais e redes sociais para promover actividades.<br/>-Favorecer a formación complementaria.</p> | <p><b>Ameazas:</b><br/>-A Facultade debe asegurarse unha axeitada captación de alumnado.<br/>-A non consolidación do Grao en Xestión Cultural pola falta de tempo dado pola administración para dalo a coñecer entre o alumnado.<br/>-Ficar na irrelevancia na programación estratéxica da USC, tanto a nivel global como dentro do propio Campus de Lugo.<br/>-A creación doutros graos universitarios semellantes, cun maior apoio no SUG ou no Noroeste peninsular que poidan ser uns claros competidores na captación do noso nicho de alumnado.<br/>-A baixada da poboación en idade académica e elección doutros estudos tales como graos e ciclos formativos.<br/>-A idea estendida de que os estudos do ámbito das Humanidades reportan poucas saídas laborais.<br/>-Creación de novos graos a distancia por parte doutras universidades.<br/>-Posibilidade de perder relevancia nun mundo cada vez máis dixitalizado e conectado, no suposto de non actualizarse os métodos e estratexias de promoción dos títulos para</p> |

|  |   |   |
|--|---|---|
|  |   | adaptarse ás preferencias e necesidades das novas xeracións.  |
| LEC5   | <b>Aspectos positivos</b>   | <b>Aspectos negativos</b>   |
